



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

DECRETO DE ALCALDÍA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

A área de Cultura do concello de Outeiro de Rei convoca un **CERTAME de PRIMAVERA DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL** coas seguintes bases.

1.-PARTICIPANTES:

Poden participar todos os nen@s, rapaces e rapazas empadroados no Concello de Outeiro de Rei ou que asistan o Colexio Público Laverde Ruiz con: narracións en galego ou debuxos.

Cada autor pode presentar un máximo de dous traballos que poden ser na mesma categoría ou en categorías distintas. Cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos, B, de 9 a 11 anos, C, de 12 a 16 anos.

2.- TEMA

Poden participar todos os nen@s, rapaces e rapazas con:

- A) **NARRACIÓNS**, en Galego cunha extensión máxima dun folio, sobre o tema: “**viaxando por Galicia**” na que se contarán historias sobre viaxes, vacacións, andainas ...etc que teñan lugar en calquer lugar de Galicia .
- B) **DEBUXOS**, feitos sobre folio de tamaño DIN A4, sobre o tema “**imos de festa por Galicia**” na que os debuxos terán a temática de festas como: entroido, festas gastronómicas, temáticas, concertos, verbenas...etc.

Poden sacarles unha foto ou escanealos para poder envialos por correo electrónico xunto cos datos do autor.

3.- FORMATO

As narracións feitas en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, mecanografadas, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lápiz. **Cada traballo, acompañarase con unha folla co: nome, apelidos, idade, teléfono e dirección.**

O formato do debuxo será de un folio DIN A4 e poderá realizarse tanto en sentido horizontal como vertical. A técnica será libre, e poderán empregarse todo tipo de materiais: tempera, ceras, óleo, rotulador ...etc.



4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos traballos permanecerá aberto do 1 ao 25 de maio, e poden enviarse ao seguinte correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org, tamén poden presentarse de forma física no buzón do supermercado de Outeiro de Rei ou nas oficinas do Concello.

5.- PREMIOS

O xurado, seleccionará por cada categoría un máximo de tres traballos e no caso de que a calidade e número de accesits que estime convenientes. Os autores seleccionados recibirán candaseu diploma, xogos, películas, libros etc.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

6.- XURADO

O xurado estará composto por un presidente (concelleira de Cultura ou persoa na que delegue) e dous traballadores do Concello que actuarán como secretario e vogal .

7.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación das bases, que estarán dispoñibles na Casa da Cultura e na páxina web municipal www.outeiroderei.org.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

A selección realizarase, con suxeizón a temática do certame, e valorando a orixinalidade, expresión, calidade da execución , con atención á idade dos concursantes.

Polo tanto, RESOLVO:

- Aprobar as presentes bases.
- Convocar o Certame de Primavera de Narración e Debuxo Infantil.

FIRMADO DIXITALMENTE Á MARXE

